

Breves consideracións sobre os xudeus en Betanzos

JOSÉ ÁNGEL PAZ QUINTANA*

Resumo

A presenza hebraica en Galicia é coñecida por diferentes pegadas ao longo do territorio. O tipo de comunidades nas que vivían, os xeitos de gañarse a vida e os cambios que viviron a partir do decreto de expulsión están cheos de incógnitas pola escaseza de documentación. Neste traballo abordaremos algunhas das pegadas que marcan que Betanzos foi un dos enclaves nos que se deu a presenza hebrea.

Abstract

Jew pressence in Galicia it's known due to several proofs all along the territory. The type of communities they lived, the ways they earned the living and the changes they suffered after the expulsion decree are full of mysteries because of documentation lack. In this documento will broach some clues that locate Betanzos as a place with Hebrew pressence.

A PRESENZA XUDAICA EN GALIZA

Os poucos rexistros documentais fan complicado trazar un relato completo sobre a vida do pobo xudeu en Galicia na Idade Media. O primeiro rexistro que se atopa son referencias de doazóns do século X en Celanova (De Antonio e Estévez, 2000: 7), sendo a seguinte da primeira metade do século XI, tirado dun tumbo do Mosteiro en referencia a un preito entre Menendo González e un hebreo (Meruéndano, 1981: 5).

A maioría de rexistros que podemos atopar fan referencia a pequenas comunidades hebreas que se asentaron na provincia de Ourense no século XIV, predominando as zonas de Celanova e Allariz, seguidas da propia cidade de Ourense. Estes asentamentos, por dicilo de xeito algún, foron seguidos por outros en Monterrei ou Ribadavia. De aí pasaron a máis lugares de Galiza, documentándose, xa no século XV, a presenza deste grupo en cidades coma Pontevedra, Baiona, A Coruña e Betanzos, entre outras.

É importante indicar que tal e como se explica dentro do traballo *Linaje, parentela y poder: la pirámide nobiliaria gallega (siglos XIII al XV)*, «o seu escaso número consituiu unha minoría case marxinal dentro da poboación cristiá; que se distribuíron por todo o territorio galego e que dentro das súas vilas ou cidades viviron dispersos por todo o territorio urbano pero con tendencia a agruparse nunha rúa determinada» (De Antonio, 2017: 374-391).

Significa isto que non houbo en Galiza xuderías coma tal? A pesar da escaseza manifesta de fontes sí que se poden indicar determinadas poboacións nas que se podería falar de xuderías, aínda que non todas serían “alxamas”, é dicir, entidades administrativas completas por si mesmas. «A xudería é a denominación xenérica do ámbito urbano onde residen os xudeos na España medieval. Cando a xudería contaba coas institucións reglamentarias e cos seus edificios comunitarios correspondentes (sinagoga, escola, baño ritual, cemiterio, etc.), denomínase alxama dos xudeos» (Bango, 2003: 63).

***José Ángel Paz Quintana.** Educador Social e Guía Oficial de Turismo de Galicia adicado á promoción e posta en valor do Patrimonio material e inmaterial para persoas de todo rango de idade.

No que a xuderías se refire poden citarse as de Allariz, onde hai unha orde do século XIII que obriga aos hebreos a xuntarse nun só barrio para evitar conflitos; Ribadavia, con documentación do mosteiro de San Domingos que a sitúa na actual rúa Merelles Caula; ou na Coruña, onde se atribúe, por documentación e toponimia, coa actual rúa Sinagoga e adxacentes. A respecto da Coruña, debe mencionarse, tamén, unha zona fóra de murallas que se coñecía coma “O Rego dos Xudeos”, lugar que puido ser escollido para servir só coma cemiterio, onde apareceron varias lápidas que se atopan a día de hoxe no Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid (Ónega, 613-614), ou empregarse coma pequeno asentamento ou área de traballo pola súa proximidade ao mar. Dentro das excepcións á existencia de alxamas pódese mencionar a cidade de Ourense coma lugar que contaría con todos os órganos necesarios para considerarse unha entidade xurídico-administrativa autónoma: Tribunal, Sinagoga e Consello (De Antonio e Estévez, 2000: 15):

- Consello: formado polos membros das «familias máis ricas e influíntes que se xuntaban para no-mear os cargos da alxama» (De Antonio e Estévez, 2000: 15), para promulgar mandatos reais, para aplicar e facer cobrar os impostos e para proclamar as ordenanzas que habían regular a vida desa comunidade.
- Sinagoga: lugar preferente para o culto e a oración, pero tamén con funcións coma «centro de reunión, dar acollida ao tribunal da alxama e, sobre todo, ser un centro de estudo do Talmud e a Torah» (De Antonio e Estévez, 2000: 15).
- Tribunal: órgano propio de xustiza da comunidade.

O referido anteriormente ven a confirmar o feito de que as comunidades hebraicas eran de pequena entidade e, polo tanto, non contarían con importancia e número de membros suficientes para conformarse coma unidade autónoma. Luis Fernández, na obra *Documentos de expulsión de los judíos*, só indica coma posibles alxamas a xa mencionada de Ourense e a da cidade coruñesa. En base a estes datos, (De Antonio e Estévez, 2000: 8) fan un cálculo polo que o total aproximado de familias de orixe xudeu en Galiza non chegaría ás 100, quedando o número de veciños israelitas arredor de 600. O xeito de situarse nas vilas e cidades non era particular nun primeiro momento. É dicir, as vivendas e negocios das familias hebreas mesturábanse coas cristiás nas localidades nas que se asentaban. A primeira excepción en Galiza é a mencionada de Allariz, onde son obrigados a situarse nunha única rúa para evitar conflitos cos cristiáns, recolléndose isto na *Carta de Avenencia* (De Antonio, 2004). Aínda que a documentación non sitúa con exactitude o lugar de asentamento deste barrio xudeu, na actualidade considérase que era nos arredores do Castelo, no monte da Vela, do mesmo xeito que se situaba en Monforte, ou así se indica na microtoponimia alaricana.

Dado o significativo número de localidades nas que se indican asentamentos hebraicos no país e tendo en conta o número de familias que se mencionaban con anterioridade, hai que pensar que os barrios xudeus nas vilas e cidades galegas non eran de gran entidade, salvo os xa mencionados de Ourense e, pode que, A Coruña onde se indican alxamas. A documentación atopada sobre Ourense non deixa lugar a dúbidas desta división administrativa, non así na Coruña, onde as fontes documentais son menores e os rexistros arqueolóxicos non son amplos. A toponimia é un dos elementos que se teñen en conta, neste caso, para situar o barrio israelita coruñés na zona da actual rúa Sinagoga. Neste mesmo punto, nos últimos tempos, estase a levar a cabo unha investigación para determinar se unha antiga cisterna aparecida no número 4 desta rúa podería ser un antigo

baño ritual, a chamada *mikvé*, que axudaría a asentarse as hipóteses sobre a localización da antiga xudería. En varios dos documentos citados anteriormente nos que se fala dos tributos que deben pagar as familias hebraicas ao rei, aparecen localidades integradas nun grupo tributario, sirva de exemplo: Monforte e Ribadavia con Ourense ou Betanzos e Ribadeo coa Coruña. Estes grupos tributarios pagarían o imposto en conxunto dado a pequena envergadura de cada un deles.

O CASO BETANCEIRO



Vista aérea da Cruz Verde, co acceso superior ao canellón, a comezos dos anos sesenta.

Cos datos expostos anteriormente, podemos afirmar que a comunidade hebraica betanceira non foi un grupo amplo e numeroso, seguindo a tendencia xeral galega. Non podemos realizar unha afirmación contundente dada a ausencia de fontes amplas para avalar este punto. A pregunta a realizar é: houbo comunidade hebraica en Betanzos?

Para responder a esta cuestión imos a fixarnos en varios elementos dos que si hai mostra. Principalmente, a toponimia. Alfredo Erias menciona en varios traballos do *Anuario Brigantino* que a toponimia que se dá a esta parte da vila de Betanzos, situada nos arrabaldes da antiga muralla e no antigo Camiño Real cara Lugo, garda ampla relación coas familias de culto hebreo. Non en vano, na zona podemos atopar as seguintes: rúa da Cruz Verde, rúa dos Xudeus, canellón dos Xudeus e, aínda que case desaparecido, Granxa dos Xudeus.

Indica Alfredo Erias (1985: 50) sobre as rúas de Betanzos, que moitas localidades con xuderías rematan por ter rúas co nome de Cruz Verde, citando entre elas, e como exemplo máis próximo, Vigo, algo que sinala tamén Feijóo (2018: 45) nun libro seu no que narra a historia e curiosidades da cidade olívica. Máis referencias a esta relación da Cruz Verde coas crenzas hebraicas danas as seguintes citas: «Outra denominación ligada á mencionada Cruz Verde é o topónimo “Xudeos” ou “Judeos”, a quen se lembraría de xeito perenne, cal intimidatorio detente, o símbolo da verdadeira fe» (Núñez-Varela

2015: 258), así coma unha explicación plausible das orixes do nome, «dise que linda “co camiño que vai para o cruceiro da Cruz Verde”, perceptible como encrucillada de camiños, lugar idóneo e tradicional para situar un cruceiro, que pintado de cor verde identifica o símbolo inquisitorial por excelencia e que neste caso non so bautizou a rúa senón o barrio e arrabalde» (Núñez-Varela 2015: 255).

A respecto da nomenclatura de Cruz Verde hai que sinalar que a relación que se atribúe coa Santa Inquisición non é algo desencamiñado en Betanzos. Hai que ter en conta que, a pesar de que son escasos os documentos ao respecto, hai evidencias históricas de que o Santo Oficio tivo unha “delegación” na cidade brigantina, situado principalmente no convento dominico e nalgún momento na rúa da Cerca, que se encargou de velar polo cumprimento dos dogmas da fe. O número de membros da Inquisición betanceira flutuaba entre os oito habitantes a finais do século XVI e os cinco en varios períodos do século XVII (Contreras, 1982).

Betanzos era por aqueles tempos un importante enclave portuario, polo que se facía necesario para o Tribunal da Fe situar aquí un punto de control das mercadorías que chegaban ao peirao betanceiro. Esta preocupación baseábase principalmente no control da entrada de textos considerados sacrílegos por proceder de lugares con doutrinas separadas do cristianismo católico, coma o luteranismo ou as crenzas anglicanas. A isto pode sumarse o control de certo tipo de actitudes ligadas ás zonas portuarias e non ben vistas pola Igrexa.

A explicación parece vir non so do aumento demográfico de ambas cidades, senón tamén polo feito de que estas dúas poboacións soportan ao longo do século un tráfico marítimo constante, e iso non so en canto á actividade comercial se refire, senón porque a ría Coruña-Betanzos foi un lugar de concentración de soldados-mariñeiros que servían nas Armadas votadas, en distintas ocasións, para facer fronte da guerra marítima. O constante ir e vir de soldados e xentes de armas, a presenza do Gobernador Militar e a Audiencia Real do Reino, daban a esta zona un carácter cosmopolita único en todo o reino» (Contreras 1982). E coma exemplo destas accións do Tribunal no porto da nosa Vila: << O 5 de outubro do 1600, transcurridos vinte e cinco anos da definitiva implantación do Santo Oficio da Inquisición en Galicia, ten lugar no porto <<do Pai fermoso>> de Betanzos unha inspección inquisitorial do navío «La Esperanza», á busca de libros e documentos factibles da propagación do protestantismo (Núñez Varela, 2003).

Non é esta a única actuación da Inquisición na vila brigantina da que se recollen datos. Aparecen expedientes de varios momentos do século XVIII nos que se seguiron procesos contra varias persoas na vila. Algúns sen causa determinada coma a dúas mulleres de nomes Juana de Juzgo e Ana Ximénez (González, 1997: 161), outras con causa clara coma a de Antonio Paschual Péres (González, 1997: 161), a quen se acusa de estar casado dúas veces, estas de primeiros da centuria. E outras dúas da segunda metade do século e máis curiosas por quen son as persoas investigadas, neste caso, dous frailes: Simón Orduño por dar un sermón con consignas herexes polo medio (González, 1997: 179) e o dominico Roque Queiruga por dar a Eucaristía sen ter a oblea o tamaño regulamentario (González, 1997: 194). Nesta mesma obra de González (1997) aparecen varias referencias a persecucións inquisitoriais por razóns de xudería. Non localizamos ningunha en referencia a Betanzos pero, como mencionamos anteriormente, e tal e como se explica no traballo que citamos, perdeuse moita documentación sobre as actividades do Tribunal.

É este un punto suficiente como para afirmar a importancia da comunidade hebrea en Betanzos? Pois, por si só, non. De feito, segundo menciona Contreras (1982: 589), os grupos máis perseguidos polo Tribunal serían, nun primeiro momento, labradores, artesáns e curas rurais «para erradicar a blasfemia e a bigamia, os hábitos sexuais desviados e as opinións diverxentes». Aínda así, e como indica posteriormente, «non obstante, o mundo xudaizante galego estaba alí, maduro para unha represión que, en toda regra, se produciría tarde ou cedo» (Contreras 1982: 591).

Daquela, que probas hai sobre a existencia dunha comunidade xudaica en Betanzos? Pois, certamente, moi poucas. Como referencia documental podemos citar unha recollida no *Anuario Brigantino* do 2008 por parte de Daviña onde transcribe unha serie de efemérides recollidas por Vaamonde Lores: «Esta escrita, aparte do asunto principal de que trata, contén outras particularidades moi interesantes, pois nos entera de que a finca vendida pertencera antes ao xudeo Abraham Aben Subzen e a súa muller Marantona, hebreos de grande preponderancia en Betanzos» (Daviña 2008).

Por outra banda, hai unha pregunta que queda no ar por parte de Erias (1988) sobre unha figura da igrexa conventual de San Francisco, na que teoriza sobre a súa posible orixe hebrea dada a súa máis que probable profesión de médico; algo atribuído a personaxes de dita procedencia naquela época. A partir de aquí, e polo momento, só podemos sumar a documentación xa mencionada de tributos compartidos no mesmo grupo fiscal que A Coruña e Ribadeo.

Ábrese a partir de aquí a procura doutros datos que axuden a situar esta comunidade hebrea na vila. E retrocedemos no artigo para pór o foco na toponimia novamente. Mencionábase con anterioridade unha serie de rúas e lugares que facían referencia a esta comunidade e a sucesos relativos á mesma: Xudeus, Canellón dos Xudeus, Cruz Verde, etc. Nesta mesma zona, hai un lugar, o Canellón dos Xudeus, que resulta particular pola súa disposición e formas.

Como citan varios autores, como Erias e Naya Pérez, Caro Baroja (2005) fala no seu libro *Los judíos en la España moderna y contemporánea* de rúas de asentamento xudeu, as chamadas rúa “Nueva” ou “Nova”, poñendo coma exemplo o caso de Vitoria e varias localidades de Portugal. Algo que tamén afirma Meruéndano (1981: 9). A estes exemplos podemos sumar as mencións que fai De Antonio en varios dos seus artigos á antiga rúa Nova de Ourense, onde tamén habería asentamentos hebreos. Betanzos conta coa súa propia rúa Nova pero pouca evidencia hai, por non dicir ningunha, de que alí houbera nalgún momento comunidade hebrea.



Canellón dos Xudeus en Betanzos.



Acceso superior
ao canellón dos Xudeus.



Acceso inferior
ao canellón dos Xudeus.

Podería ter existido esta comunidade dentro da muralla brigantina e ter cambiado de lugar debido aos decretos de expulsión e demais? Pois difícil confirmalo a tal hora. Puido ser posible seguindo o enunciado por Bango García (2003: 64), que comenta que «por diversas circunstancias das relacións cristianoxudeas, certas xuderías cambiaron de ubicación no plano da cidade. Tensións sociais, intereses económicos ou as reiteradas presións da Igrexa por illar os xudeos son os factores determinantes destes cambios». Engádese, ademais, que «a segregación espacial, é dicir, as medidas encamiñadas a conseguir unha separación en barrios determinados, aparecen antes do século XV na lexislación eclesiástica, -a primeira vez no Concilio de Palencia do ano 1388 cando se obriga os xudeos a vivir cercados, aínda que se lles permite saír durante o día a lugares públicos a vender o a traballar nos seus obradoiros» (De Antonio. 2004: 226).

Sexa como for, o que si que se pode documentar é este estraño pasadizo que existe nesa casa da rúa da Cruz Verde. «Cando a xudería era moi pequena, esta articulábase ao longo dunha simple rúa. Aínda, despois de cincocentos anos transcorridos dende expulsión, queda a memoria nalgúns pobos da rúa da sinagoga» (Bango García 2003: 65). O lugar está disimulado na entrada ao que parece ser una vivenda común da mesma rúa abríndose, no seu interior, un pequeno paso no que aparecen numerosas portas. Falamos da parte inferior do mesmo. Na parte superior debería existir una entrada semellante que desapareceu con reformas posteriores. Quizais o propósito era pasar o máis desapercibidos posible mentres mantiñan una vida de pequena comunidade, algo tradicional en culturas que se ven abocadas á emigración. Engádese a esta peculiar distribución da rúa os seguintes elementos: linteis a xambas biseladas e unhas peñas na parte superior, próximas ás fiestras. «É practicamente unha constante, que se corresponde coa arquitectura culta da época, que teñan as arestas exteriores dos ocos das

súas portas e ventás biseladas » (Fonseca Moretón, 2004: 432). «Outro elemento que pode existir é un pequeno saínte a modo de peana a un ou ambos lados dunha fiestra do piso superior. Peanas que hoxe se soen utilizar como soporte para unha maceta cunha pranta decorativa, pero que na miña opinión poderían ter servido como soporte para a lámpada conmemorativa da Januká» (Fonseca Moretón, 2004: 432). No caso das xambas con bisel podemos observar unha destas marcas na entrada inferior na parte dereita.

Ademais destas casas situadas nesta zona da cidade, o propio Fonseca enumera algunhas outras distribuídas por varios puntos da vila, coma a Condomiña ou a Fonte de Unta. Da peaña xa se mencionou o seu posible uso, a colocación da *Menorá*, un candelabro ritual de sete brazos que se menciona no libro do Éxodo da Biblia e que representaría os sete días nos que se creou o mundo ou os sete ceos iluminados pola luz de Yahvé. Pode atoparse unha versión utilizada durante a *Januká*, cun candelabro ritual hebreo de nove brazos, que recibe o mesmo nome que a celebración, debida á consagración do novo altar do Templo de Xerusalén despois da vitoria sobre os seléucidas que o profanaran previamente. A respecto do rebaixe, é tamén Fonseca quen menciona algunhas das posibilidades acerca das orixes. Por una banda fálanos duna afiado ritual que sería atribuído á comida *Kosher* pola cal as persoas de fe xudaica non poderían comer animal que fose morto con sufrimento. Debido a isto, os coitelos necesarios para poder matar animais para consumo deberían estar afiados ata o extremo e este proceso levaríase a cabo nas mellores pedras das casas, as situadas en elementos portantes coma as xambas e linteis. Este fenómeno puido pasar ben a través de conversos ou ben por contacto a cristiáns que tamén utilizarían pedras de bo material, granito neste caso, para levar a cabo o afiado dos seus utensilios. En Betanzos, mostra disto, temos pedras nas esquinas dalgunhas igrexas que presentan rebaixes similares do seu uso como



Saída inferior
do canellón dos Xudeus.



Detalle do interior
do canellón dos Xudeus.



Detalle dunha menorá.



Detalle do rebaixe na porta do canellón dos Xudeus.

pedra de afiar. Noutra hipótese que enuncia o propio autor, estes rebaixes terían que ver co rito de tocar e bicar o lugar no que se atoparía colocada a *mezuzá*, un pequeno obxecto que podía ser metálico ou de madeira, que contén as dúas primeiras frases da Shemá Israel, unha das oracións máis importantes do xudaísmo, que deben ser escritas polos *sofer*, os escribas da comunidade.

Nesta porta e nas do interior non podemos apreciar estas *mezuzás*. Non podemos afirmar cal é o período no que se construíron estas vivendas pero, entendendo que puideran ser vivendas do século XV, seguindo o afirmado por Fonseca, tería sentido a ausencia de signos claros de pertenza á comunidade hebrea. «Os Xudeos ao promulgarse no 1492 polos Reis Católicos o decreto de expulsión, abrazaran en gran parte a relixión católica para evitar os efectos desa expulsión, que en moitos de aqueles a conversión foi tan so aparente, porque no seu interior continuaron a render culto ás súas antigas crenzas, e aínda aumentara neles o odio ao Cristianismo pola violencia cos mesmos empregada» (Meruéndano, 1981: 16).

CONCLUSIÓNS

Hai pouca documentación e probas para falar amplamente sobre a posible comunidade hebraica na cidade de Betanzos. Aínda así, hai certos elementos que nos indican que puido ter certa entidade, sen chegar a ser unha grande comunidade, pero si contar cun certo número que xustificaría esa situación agrupada na zona da Cruz Verde. As eivas a nivel de información tanto da comunidade hebrea coma do Tribunal do Santo Oficio fan imposible avanzar máis neste punto polo que non nos queda máis remedio que agardar a que no futuro aparezan novas probas que axuden a dilucidar máis cousas sobre as familias de orixe xudeu nesta antiga capital do Reino de Galiza.

BIBLIOGRAFÍA

- BANGO GARCÍA, C. (2002). «Un barrio de la ciudad: la judería». En *Memoria de Sefarad*. Toledo, Centro Cultural San Marcos, pp. 63 – 71.
- CARO BAROJA, J. (2005). *Los judíos en la España moderna y contemporánea*. Madrid, Ed. Istmo.
- Contreras, J. (1982). «El Santo Oficio de la Inquisición en Galicia». Madrid, Editorial Akal.
- DAVIÑA SÁINZ, S., E VAAMONDE LORES, C.: (2008). «Efemérides de la ciudad de Betanzos». En *Anuario Brigantino*, nº 31, pp. 191 – 298.
- DE ANTONIO, M.G. e ESTÉVEZ, J.R. (2000). «Xudeus Galegos na Baixa Idade Media». En *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 11, pp. 7-19.
- DE ANTONIO, MG. (2004). «Distribución urbana de la minoría judía en Galicia: la judería». En *Cuaderno de Estudios Gallegos*, vol. 57, nº. 117, pp. 263-279.
- DE ANTONIO RUBIO, M.G. (2017). «La minoría judía en Galicia: sucesos en su vida cotidiana». En Cortijo Ocaña, A. (coord.) *Vivir en Minorías en España y América: siglos XV al XVIII*, pp.10-22.
- ERIAS MARTÍNEZ, A. (1985). «As rúas de Betanzos. Introducción ó seu coñecemento». En *Anuario Brigantino*, nº 8, pp. 43 – 76.
- ERIAS MARTÍNEZ, A. (1988). «Xente da Baixa Idade Media II». En *Anuario Brigantino*, nº 11, pp. 141-162.
- FEIJÓO, P. (2018). *Camiñar o Vigo Vello*. Vigo, Edicións Xerais.
- FONSECA MORETÓN, E. (2004). «Viviendas de judíos y conversos en Galicia y norte de Portugal». En *Anuario Brigantino*, nº 27, pp. 431-466.
- MERUÉNDANO ARIAS, L. (1981). *Los judíos de Ribadavia. Origen de las 4 parroquias*. Lugo, Ed. Alvarellos.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J.R.: (2003). «Algunas intervenciones de la Santa Inquisición en Betanzos». Disponible en liña: <http://www.cronistadebetanzos.com/algunas-intervenciones-de-la-santa-inquisicion-en-betanzos/>
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDORIO, J.R. (2015). *Morfología urbana de Betanzos de los Caballeros*, Concello de Betanzos.
- ÓNEGA LÓPEZ, J.R. (1981). *Los judíos en el Reino Medieval de Galicia*. Madrid, Ed. Nacional

j ALFEIRÁN, X. «O Rego dos Xudeos y Jerusalén». *La Voz de Galicia*, 12 de decembro do 2016. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2016/12/12/regos-dos-xudeos-jerusalen/0003_201612H12C4991.htm

jj SFARAD.es. El portal del judaísmo en España. «Las lápidas del corralón de la Palloza». <https://www.sfarad.es/las-lapid-as-del-corrallon-la-palloza/>